

## Michel Rolle

(Ambert, 1652-París, 1719)



Dedicouse preferentemente á teoría de ecuacións, dominio en que atopou diversos resultados, entre os que destaca o recoñecido teorema que leva o seu nome, formulado en 1691, no que representa unha aplicación da teoría de funcións á de ecuacións alxébricas.

Tamén inventou a notación  $\sqrt[n]{x}$  para designar a enésima raíz de  $x$ .

En Economía, o teorema de Rolle demostra a veracidade da Curva de Laffer: relación existente entre os ingresos fiscais e os tipos impositivos, que mostra como varía a recadación fiscal ao modificar os tipos impositivos. Esta curva foi difundida polo economista Arthur Laffer, aínda que seis séculos antes o economista norteafricano Ibn Jaldún (1332-1406) xa teorizara sobre a relación entre os tipos impositivos e a recadación (John M. Keynes tamén o fixera uns poucos anos antes que Laffer).